


ARQUITECTURA GREGA



ACRÓPOLE DE ATENAS




Partenón

Erecteion



Atenea Niké

O TEMPLO



O templo

É a **construción máis representativa**. A organización política en polis dificulta a construción de palacios, mestres que os templos reflicten unha relixión común en tódalas cidades-estado

Orixe dobre: o megaron cretense e a cabana doria, realizados en madeira.

Función teórica: conter a efixie dunha divinidade e os seus tesouros. O culto é no exterior.

Función real: pracer estético. Un capricho, ganas de facer algo belo para o ollo humano, aínda que se destine a un Deus (con características humanas).

Dicotomía entre exterior moi decorado e interior máis austero (o acceso estaba moi restrinxido). **Harmonía constructiva:** templo era un intento de chegar á perfección.

. **Materiais:** O adobe e a mampostería substitúese polo sillar isódomo de pedra ou de mármore branco.

· Coñecen o arco e a bóveda porque facía moito que se empregaba en Mesopotamia pero só utilizarán **sistemas alintelados** porque son máis serenos e estables

· Os elementos funcionais como as **columnas** serán obxecto de estudo para volvelos auténticas obras de arte, nun intento de encubrir a súa función de soporte.






· O afán de esconder a función de sustentación levou ata a substituír ás columnas por auténticas esculturas. Si son femininas chámanse **cariátides** e si son masculinas son atlantes.

· Ademais o templo adornábase con **acróteras** ou esculturas no teitume de dobre vertente e con gárgolas ou esculturas nas cornisas, as cales recollen a auga do tellado e sóltana ao exterior pola súa boca.

· Como o teitume era de dobre vertente, en ambas fachadas formábase un espazo triangular chamado **frontón** cun espazo interior ou **tímpano**, o cal adoitaba ir decorado en baixo ou medio relevo. As esculturas adáptanse ao espazo dispoñible reducindo escala ou con posturas adaptadas.


· Os templos estaban policromados: azul en **triglifos**, vermello nas **metopas** e os relevos tamén se policromaban para darlle ao edificio un aspecto alegre e vivo.







Possible evolución
do megarón micénico




Naos ou Cella

Columnas entre elas
(xeralmente dúas)


Prolongación das
paredes laterais
da naos terminando
en pilastras
(antas)

Templo in antis
(modelo mais simple)



Fila de columnas
na parte frontal,
diante da pronaos

Templo próstilo




Fila de columnas
na parte frontal,
diante da pronaos
e outra na parte
traseira

Templo anfipróstilo
(dous pórticos)



Se forma a perístase
ou pasillo exterior


Filas de columnas
rodean catro lados
do edificio



Templo períptero




Dobles filas de columnas
rodean catro lados
do edificio



Templo díptero

O templo soe ter dúas fachadas iguais, aínda que unha delas é a principal, a que dá acceso á pronaos. Segundo o número de columnas a fachada será tetrástila -4-, hexástila -6-, octástila -8-, etc



Clasificación do templo según o número de columnas frontais



Dístilo
(2)



Tetrástilo
(4)



Hexástilo
(6)



Octástilo
(8)



Decástilo
(10)





Santuario de Delfos






Templo de Segesta

Módulo e refinamentos ópticos

Co fin de alcanzar un escuadramento da obra no seu conxunto igualmente perfecto



Exaggerated refinements in the Parthenon



- Curvatura cara arriba do entaboamento enteiro e o estilobato para evitar a sensación de vencemento polo centro.
- Inclínaban todas as columnas cara a dentro para evitar a sensación de caída.
- Éntase das columnas para minorar o efecto de concavidade no centro.
- O diámetro das columnas era maior nas das catro esquinas para evitar a sensación de presión neses puntos.
- Os intercolumnios ou espazos entre columnas diminuían cara ás esquinas para evitar a sensación de agrupamento no centro







O Módulo grego


Hai 3 formas de obter ese módulo :

- * Utilizando o que mide o diámetro ou o semidiámetro da parte inferior da columna dórica.
- * A medición do tríglifo do friso dórico
- * Dividir o espazo dianteiro dun templo, cuadriculalo en seccións xeométricas perfectas a fin de establecelas como módulo.



“perfección técnica e acabado”



Para disimular a función de soporte (que é máis práctica que estética), os gregos reglamentaron un conxunto de normas que convertían á columna en algo belo, nunha auténtica escultura: Este conxunto de normas denomínase **Orde Arquitectónica** e é un tipo de unidade arquitectónica que **conxuga tres partes: o pedestal, a columna e o entaboamento**. Existen na Grecia clásica tres ordes arquitectónicos: **o dórico, o xónico e o corintio**.





ORDE DÓRICO






◁ Evolución de la arquitectura dórica. El boceto muestra el tipo de estructura de madera en la que se inspiró el orden dórico.

▷ En el orden dórico son visibles los extremos de vigas y cabios. Era corriente instalar un canalón de terracota (G) a lo largo del borde superior del frontón para protegerlo de la lluvia, característica que se conserva en los templos dóricos.




Templo dórico de Agrigento

ORDE XÓNICO




Templo xónico de Atenea Niké

ORDE CORINTIO



Capitel Corintio

O TEMPLO GREGO : PLANTA, ALZADO, TIPOLOXÍAS E ORDES ARQUITECTÓNICAS



A PLANTA




O TEMPLO : VOLUMETRÍA


O ALZADO



TIPOLOXÍAS




Tipoloxía según a disposición das columnas no pórtico



Tipoloxía según o número de columnas no pórtico

A ORDE ARQUITECTÓNICA



Comentario dun edificio

“Primeiro paso”

CLASIFICACIÓN

- ▣ * Identificación: nome, época - estilo, autor, localización...

ANÁLISE DO CONTEXTO HISTÓRICO ARTÍSTICO

- ▣ * Relacionalo co momento histórico no que se construíu: política, economía, sociedade.
- ▣ * Relacionalo coa cultura, mentalidade... da época

“Segundo paso”

COMENTARIO DA OBRA

- ▣ * Materiais e técnicas constructivas.
- ▣ * Tipo de organización interna e externa: planta, alzado.
- ▣ * Exterior: tellado, elementos construtivos e decorativos exteriores. Contorno no que se sitúa.
- ▣ * Interior: elementos construtivos e decorativos interiores.
- ▣ * Explicar todo o que sabemos sobre ese tipo de edificio: orixe, evolución, influencias...

O PARTENÓN

Clasificación:

Nome: *Templo* coñecido como **Partenón**

Autor: Ictinos e Calícrates (baixo a supervisión de Fidias).

Cronoloxía: entre o 447 e o 432 a.C.

Estilo: arquitectura grega do período clásico máis concretamente do “*clasicismo pleno do V a.C.*”

Comitente: Pericles

Localización: Acrópole de Atenas

Materiais: Mármore de Pentélico




ACRÓPOLE ATENIENSE


Período clásico, s. V a. C.



Os seus templos foron arrasados nas Guerras Médicas polos persas a principios do s.V



Lugar máis elevado.
Funcións defensivas e espacio relixioso.




1. Partenón
2. Erecteion
3. Atenea Promachos
4. Propileos
5. Atenea Nike
6. Teatro de Dionysos.



Cresilas, Busto de Pericles



Será Pericles o que se encargue da súa reconstrucción contanto cos mellores arquitectos e escultores (Fidias). Empregará para iso os fondos da *Liga de Delos* para amosar o poder de Atenas sobre o resto de cidades, sendo éste o momento do seu maior apoxeo.



Os edificios máis destacados eran os Propíleos (entrada monumental ao recinto por onde discorría a Via das Panateneas), construídos por Mnesiklés; o Partenón de Ictinos e Calícrates; o templo de Atenea Niké, probablemente de Calícrates; e o Erecteion, atribuído a Mnesiklés.

**Camiño ritual
cara a entrada
do Partenón
(Témenos)**

Partenón

Recinto de Artemis

Erecteion


**Templo
Atenea
Niké**

**Adaptación ao
terreo**

Propíleos




Acrópolis Atenas




**Os cultos realizábanse
fora, ao ar libre**

(Menesikles) Propíleos



Atenea Niké



O PARTENÓN
erixiuse sobre
outro templo
anterior na parte
máis alta da
Acrópolis, á que se
accede polos
Propileos é onde
se levantaban
tamén outras
construcións
relixiosas
importantes da
cidade como os
templos de
Erecteión e
Atenea Niké

Vista lateral



Vista posterior



Vista frontal




PARTENÓN

É o edifício máis importante da Acrópole, adicado á deusa protectora da cidade, e realizado en mármore do Pentélico. Os arquitectos ICTINOS (experto en estilo dórico) e CALÍCRATES (experto en estilo xónico), colaboraron para facer realidade o edificio perfecto respondendo aos ideais da época.

Planta

(rectangular
medidas de
69,5x31 m.)

Anfipróstilo



Períptero


Octástilo

Estatua de Atenea Parthenos

Orientación leste-oeste (de costas ó Propíleos), sendo o leste a fachada pola que se accede ao interior, facendo que o sol nacente proxectara os seus raios sobre a colosal estatua crisoelefantina de Atenea obra de Fidias.



Engadiuse neste caso unha sala a maiores:

carto das virxes ou parthenon



Outra particularidade é que a **cella está dividida en tres naves**, a central máis ancha que as laterais, mediante unha **columnata en forma de U** conformada por columnas superpostas de orde dórica. A súa función é dobre, dunha banda elevar a altura da construción para dar cabida á colosal estatua, e doutra soste o teitume plano dunha anchura importante, 18 m.

En realidade foi a **estatua de Atenea a que condicionou toda a construción**, obrigando a realizar un edificio de gran tamaño, comparable ao templo de Zeus en Olimpia.



Dependencias


Pronaos : pórtico dianteiro aberto

Naos na que se sitúa a estatua da deusa e

Opistódomos ou sala menor: un falso pórtico traseiro.



ATENEA PARTENÓS



O CUARTO DAS VIRXES OU PARTHENON: sala cadrada con teitume plana sostida por catro **columnas xónicas**. Ao parecer servía para gardar as doazóns e ao que se accedía desde o opistódomos.

Construído sobre un edificio anterior hexástilo
destruído no 480 a. C. durante a
guerra cos persas

Novo edificio aumento de escala (octástilo)

Ampliación da cella
ao longo e ao ancho

Consecuencia

Versión A: Opistodomo


e pronaos queda reducido a unha
mínima expresión. A cella divídese
en dúas estancias: a da divindade
e outra menor (o partenos) para que as
doncelas fagan preparativos e custodia do
tesouro

Versión B : A estancia creada detrás
da cella (el partenos) é o opistodomo

Consecuencia:

pasillo (perístase) entre columnata
e muro do edificio queda máis estreito

Sala con 4 columnas xónicas
que alcanzan ata o teito
(elíxense unha orde diferente
ao do resto do edificio. Parece
que foi debido a que si usaban
o dórico,
pola proporción entre
diámetro da columna e altura
-1/6 ? fosen unhas
columnas demasiado grosas,
deixando pouco espazo libre
entre elas



A cella estaba articulada (raro pois os
templos gregos non adoitaban preocuparse
pola distribución interna, ao non realizarse
cultos no seu interior), dividida en tres
naves por unha dobre fileira
a dous niveis de columnas dóricas
adoptando a forma de U

Partenón

Alzado

Conxuntos proporcionados (euritmia: armonía e orden entre partes e o todo)

Dimensións medianas
(home medida de
tódalas cousas)

**Perfecta integración
na natureza**

Equilibrio masa
e vans (creación
dun ritmo armónico)

Búsqueda da perfección a través
das matemáticas: un módulo
(relación 4 a 9)
Emprego da proporción áurea

Entaboamento

Arquitectura alintelada

Arquitrabe

Friso (triglifos
metopas)

Cornixa
Frontón

Mármore pentélico
Emprego de sillares
regulares (isódomos)
en unión viva (sen
argamasa e unidos con
grapasp).





**Columnas de
orde dórica:**


Columnas formadas
por tambores unidas
por un vástago
metálico central

Plataforma ou
crepidoma (último escalón
estilobato) polos
catro lados


Está realizado en **estilo dórico**, pero presenta un **friso xónico** no interior da perístase

Sobre un podio culminado polo estilobato se levanta, sen basa, columnas dóricas. Os seus fustes son robustos, de pouca altura e unidos visualmente por estrías en aresta viva. Chegan ao capitel a través dunha moldura cóncava, o colariño. O capitel, de formas sinxelas, se compón de equino (moldura circular convexa) e ábaco (peza rectangular).





O entaboamento consta, como todo templo dórico, de tres seccións horizontais: arquitrabe, liso e sen ningún ornamento; o friso, dividido en triglifos e metopas, das cales só se conservan 19 das 92 orixinais; e a cornixa, sobre a que se alza o frontón. Remataba o Partenón unha cuberta inclinada a dúas augas.





Refinamentos ópticos

Esquinas: columnas más grosas,
pois a luz tende a adelgazalas.
Triglifos nos extremos

Para unha total horizontalidade
entaboamento e gradas curvados

Éntase para contrarrestar o
efecto de concavidade



Intercolumnios
Distinto tamaño



Pintado en vivas cores



Programa escultórico



Decoración:

Tímpanos: Nacimiento Atenea e Elección do patrono da Ática.

Metopas: xigantomaquia, centauromaquia, Amazonamaquia e Guerra de Troya.

Friso percorre todo o muro exterior da cella: Procesión das Panateneas (uso de edificio como propaganda política)

Tímpanos



Estatua de Atenea Partenos

(Réplica de Nashville)



Metopas

(Réplica de Nashville)


Metopas



Friso



O Partenón é o cumio do clasicismo da arte grega, nel sintetízanse e materialízanse os principios de **harmonía**, **proporción** e **equilibrio** a través das cales se acada a beleza ideal



Ao longo do tempo o Partenón viuse transformado primeiro en **igrex**a **bizantina**, logo en **mesquita turca**, pero o maior dano foi cando convertido polos turcos en **polvorín**, unha bomba veneciana destruíu gran parte do edificio en 1687. Por último, comentar o **espolio británico das esculturas**: a principios do século XIX, Lord Elgin espiu o edificio dos seus relevos. Hoxe poden verse no Museo Británico mentres Grecia reclama a súa devolución.



Réplica del Partenón en USA

TEMPLO DE ATENEA NIKÉ

Clasificación:

Nome: Atenea Niké (Atenea Vitoriosa) o Niké Aptera (Vitoria sen ás)


Autor: probablemente Calícrates

Cronoloxía: o proxecto (449 a.C.) realizouse no 429 a.C.

Estilo: arquitectura grega do período clásico , máis concretamente do “*clasicismo pleno do s. V a.C.*”

Localización: Acrópole de Atenas


Materiais: Mármore de Pentélico



A idea da súa construción *en honra da deusa Vitoria* xurdíu no 449 a.C., tras a paz cos persas.


Sen embargo, a construción do Partenón, a perda de poder de Pericles e a Guerra do Peloponeso pospuxeron as obras ata o 429 a.C., comezado xa o conflito.

O comitente foi Cimó, un rico estratega cabeza do partido aristocrático e eterno rival de Pericles. A determinación de construír un templo á Vitoria parece que tiña funcións propagandísticas destinadas a alentar os cidadáns, dado que Atenas atopábase en plana guerra contra Esparta, con resultado adverso.




Segundo Pausanias (xeógrafo viaxeiro do século II), no seu interior había una estatua de Atenea Vitoriosa que, contrariamente á tradición, non tiña ás, coa pretensión de que, deste xeito a vitoria non podería fuxir e acompañaría sempre os atenienses.

O proxecto se lle encargou a Calícrates. Decidiúse que fose un pequeno templo xónico situado no pequeno espazo dun dos torreóns dos Propíleos, que dominaban a subida á Acrópole e que era considerado sagrado dende antigo.



É, polo tanto, un templo moi pequeno, de dimensións humanas; moi armonioso nas súas proporcións (a relación da anchura da columna á súa lonxitude é de 7:1 en vez de 9:1 como era o normal na orde xónica).



Todas estas medidas están matematicamente estudadas para dar esa sensación de esbeltez, a pesar do seu escaso tamaño.


planta, de moi pequenas dimensións, é propia dun templo *anfipróstilo-tetrástilo*, no que tanto o vestíbulo dianteiro (*pronaos*) como o traseiro (*opistodomos*) se convirten en pequenos pórticos.

Supresión do pronaos, dando á fronte de acceso á cella a aparencia dun templo in antis



A cella, de dimensións moi reducidas, é case cadrada (4x4m.) e albergaba a estatua da deusa.

Presenta unha delicada **orde xónica**




En alzado, o edificio atópase sobre unhas bancadas que o rodean (estereóbato).

Estrutura alintelada, cuberta a dobre vertente e uso de columnas como elementos de apoio e decorativos, situadas nos dous pórticos que delimitan a construción



Columnas de puro estilo xónico, esveltas a pesar da pouca altura do edificio

Había unha a cada lado paralelas ao plano frontal, menos nas esquinas, que ao ter que servir a voluta tamén para o lateral se colocaba en ángulo de 45°



Paralelo

En ángulo

Columnas de fuste monolítico, acanaladas con arestas rebaxadas. As **volutas** do extremo exterior de cada capitel dos catro ángulos, atópase inclinada tanxencialmente, co obxectivo de crear unha estereometría máis perfeccionada. O entabooamento está configurado por unha arquitrabe subdividida en tres bandas horizontais, un **friso continuo adornado con relevos** e, a cada extremo, un frontón triangular (perdidos).



Calícrates, **NIKÉ ÁPTERA**, fachada principal

Orde xónica

Anfipróstilo

Columnas
monolíticas

Perpiaños isódomos
unidos a soga e tizón*
en unión viva (sen argamasa),
con abrazadeiras de ferro
cubertas de plomo e cunha
rugosidade na superficie
de contacto dos sillares para
asegurar a estabilidade
chamada anatirosis


- Unión a soga e tizón: alternancia
do lado longo e o lado curto dos perpiaños



Calícrates. Atena Niké.

A rica decoración escultórica que o acompañaba completaba a mensaxe. O friso do templo, que representa a Atenea, Zeus e Poseidón axudando aos atenienses, é sen dúbida un intento de elevar a moral da cidade, que naqueles anos estaba sumida noutra contenda que acabaría perdendo, a Guerra do Peloponeso.





Un paramento baixo rodeaba o edificio para evitar caídas e tamén estaba decorado con relevos alusivos á Atenea e a victoria que nunca chegou na guerra. Relevos da escola de Fidias

En **conclusión**: o edificio ten, en conxunto, unha estrutura bastante sinxela, ás veces parece máis un proxecto ou maqueta ca un templo propiamente dito. Destaca polas súas dimensións e pola novidade da súa concepción -un verdadeiro alarde de perspectiva e sensibilidade- ao que temos que sumar o encanto da orde xónica. Todo iso fai deste templo unha especie de graciosa miniatura entre os imponente edificios dóricos.



En 1686, baixo **dominio turco**, os restos do edificio desmontáronse e se aproveitaron para refacer as fortificacións da Acrópole. O **1831 reconstruíuse**, nun xesto de marcado carácter patriótico na Grecia que xusto acabada de emanciparse do Imperio Otomán. Volveuse desmontar e reconstruír o 1930 e o 1998 para asegurar a súa conservación.



O ERECTEION

Clasificación:

Nome: *Templo* coñecido como Erecteión

Autor: probablemente Mnesiklés.

Cronoloxía: entre o 421 e o 406 a.C.

Estilo: arquitectura grega do período clásico , máis concretamente do “*clasicismo pleno do s. V a.C.*”

Comitente: Pericles

Localización: Acrópole de Atenas

Materiais: Mármore de Pentélico



Lateral sur



Tribuna ou pórtico das Cariátidas




Fachada Oeste



É un templo xónico moi diferente ao resto dos construídos ao estar condicionado polas **dificultades topográficas**, que debían ser respectadas polo carácter sagrado do lugar e polos **vestixios venerables dos vellos santuarios** -templo de Atenea Polías destruído polos persas- relacionados cos ancestros míticos da Acrópole : como as tumbas de Erecteo (un dos primeiros reis de Atenas) e Crecops (o primeiro poboador da cidade, nacido da terra sen antecedentes humanos), o manancial de Poseidón e o olivo de Atenea.

Planta



“Complexidade”

Dobre condicionante: adaptarse ao terreo irregular e respetar os variados cultos preexistentes

O resultado é un edificio sen simetría, articulado cunha estrutura expansiva, con cambios permanentes no sistema de proporcións e na linguaxe formal.

Ten un carácter aínda máis atrevido e evolucionado que os Propíleos, tamén edificadas por Mnesiklés.

* Desnivel de 3m

* Alzado en dúas alturas



* Planta asimétrica con 4 fachadas, 3 pórticos e 3 naos

O conxunto estaba dividido en dúas partes independentes co seu portico


O outro eixe do templo se desenvolve en **dirección norte-sur**, e o seu acceso se efectuaba por un profundo pórtico tetrástilo que conduce ás outras tres cellas, adicadas a Poseidón-Erecteo (posiblemente contiña tamén unha cisterna para sal mariña do deus), Cécrope e aos ancestrós míticos.

O núcleo principal

Parte oriental e mais alta adícase a Atenea Poliás



Alzado oriental



A **planta alta**, rectangular como a maioría dos templos que tomaran como modelo o mégaron micénico, presenta unha fachada no lado oriental cun pórtico hexástilo de **orde xónica**.

No lado sur abriuse o célebre pórtico das cariátides

Mármore pentélico en aparello de cantería isódomo, en unión viva (sen argamasa) , unindo os perpiaños con grapas metálicas.

Tamén se empregou pedra negra para os frisos como fondo sobre o que se engadían os relevos




Na planta inferior, adicada a Poseidón Erecteo, encontramos outras dúas fachadas

O **pórtico norte** que limita practicamente coa muralla da Acrópole, presenta gran altura pois arranca da parte máis baixa do terreo e acada a cornixa da planta superior, configúrase con seis columnas xónicas, catro á fronte e unha detrás de cada unha das dos ángulos, de esveltos fustes.



O **lado oeste** carece de pórtico e revela a existencias dos dous niveis. Na parte superior presenta fiestras abertas entre columnas embebidas no muro e apoiadas sobre un resalte do muro baixo no que se abría unha porta. Estas columnas, o remate en frontón e a conexión co arquitrabe, friso e cornixa que corren ó longo de todo o edificio, harmonizan este lado co lado oriental a pesares de que neste lado as columnas son mais altas.

No terreo inmediato alzábase o *olivo sagrado de Atenea* (o actual de 1917)



Empregóuse a **orde xónica** a distintas escalas

Foi utilizada por ser a orde máis elegante e refinada (aparece a mediados do s. VI a.C. en Xonia, conectada con formulacións orientais), caracterízase por ser máis esvelto que a dórica “a columna é 7/8 veces o diámetro do fuste”, máis lixeira e decorativa, asociándose ó carácter feminino.

Fronte á dórica, o seu canon de proporcións é máis estilizado ao que axudan as estrías de arestas mortas e sen éntase. Aparece moito máis decorado tanto nas **basas** traballadas con **molduras** como nos **capiteis**, dos máis fermosos do país, con seus pares de **volutas** e enriquecidos con outros adornos, como o astrágalo e un delicano equino de ovas.



arquitrabe dividido
en tres bandas
horizontais





Destaca especialmente a magnífica decoración empregada, a máis fina, rica e elegante da arquitectura grega.

Así, por exemplo, dinteis e marcos das portas están labrados en mármore imitando o traballo de carpintería; as molduras e cenefas con motivos vexetais evocan a técnica do marfil.





curvo entre as estrías, suaviza
as formas duras



Na orde dórica, as acanaladuras se unen deixando un filo cortante, é dicir, son a *aresta viva*.



Os fustes das ordes xónica e corintia se estrían con *listeis*, ou molduras cun perfil cuadrangular.


Tribuna ou pórtico das Cariátides (sur)

Alcámenes, discípulo de Fidias, é o autor do pórtico das cariátides, figuras femininas – de 2`3m- que cumpren a función de soporte.

Recordan ás korai pero con insinuación de movemento sen chegar ó contraposto pois non hai repercusión na cadeira. A vestimenta amosa un gran traballo de pregas, que complementan con un coidado peiteado.



O pórtico das cariátides é de pouca altura pois non cobre a altura total do muro do templo ó que se adosa




Situadas sobre un alto pedestal corrido e distribuídas do mesmo xeito que as columnas do pórtico norte (catro ó fronte e unha detrás das de cada ángulo), soportan un entaboamento carente de friso, só ten o arquitrabe de bandas horizontais, ó modo da orde xónica do resto do edificio, e a cornixa.

Distribución simétrica
das seis cariátides* con respecto
a un eixe central (tres a cada lado,
e cada grupo flexiona
a perna máis próxima ao
devandito eixe)

*Cariátides: columnas esculpidas
con formas de muller

Con delicados adornos:
aros, abalorios, etc.

Con peplos (túnicas) xónicos,
sostiñan vestidos cos
brazos e portaban canastos
encima de la cabeza a
modo de capiteis



Representa a escravitude
das mulleres de Carie, poboación
que apoiou aos persas

Cariátides miran hacia
o Partenón

2'30 m.

Sobre pretil de
mármore


Erecteion. Tribuna das Cariátides

En definitiva, a pesar das dificultades que impuña o lugar, Mnesiklés conseguiu compoñer un conxunto de gran complexidade organizado en varios planos a diferentes niveis de gran orixinalidade e beleza, Sen embargo non logra os principios de proporción e harmonía que trunfan no Partenón. Hai unha profusión decorativa que o separa do Partenón e que xa está a dar indicios da evolución posterior da arquitectura grega, é dicir “a austeridade e a racionalidade do século de Pericles está a quebrar” . A grandiosa simplicidade da lugar ao refinamento.





Pouco despois do seu remate sufriu un incendio, unha primeira vicisitude da lista que virían despois: novos incendios, conversión en igrexa e en harén, bombardeos e amputacións decorativas como a realizada por Lord Elgin quen se levou unha das cariátides, hoxe no Museo Británico.

ORDEN DÓRICO




ORDEN JÓNICO





ORDE XÓNICA / ORDEN JÓNICO



ORDE CORINTIA / ORDEN CORINTIO

